

- **Lugar:** Santa Mariña, TARAMUNDE.
- **Narradora:** Auxiliadora López Arcajo, 89 anos (2012).
- **Recopiladores:** Jesús Suárez López, Fernando Ornosa Fernández y José Luis Díaz Álvarez.
- **Grabacióis:** *Canciois • O Pozo da Santa • Un caso de mal oyo.*

Canciois

[Auxiliadora]:

El guinaldo vou e veño,
con dúas vacas y un becerro,
y el meu carro quebrantado,
veña pr'aquí el meu guinaldo.

Petaban na porta e salíamos e taban, se cuadra, dous mozos con a bolsa pra comestible, e vián cuela canción e dábanlle el que se lles daba e marchaban, y hala, era eso.

Y o guinaldo veu e veño
con dúas vacas y un becerro,
y o meu carro quebrantado,
veña pr'aquí o meu guinaldo.

E nun había outro son, ese era así, de, de... ¡Virgen, que xa nun m'acordo!

Este nenín que teño nu colo
nun é meu, qu'é de Vitorio,
Dios que mo deu, leváramo lougo
por nun andar con Vitorio no colo.
No, eu d'eso si que antes decían:
A moliñeira na costa de Meira
coce de día y de noite peneira,
porque era uso d'aquela terra
de peneirar de noite sin vela.

Era esa a moliñeira qu'eu... qu'eu aprendín, era esa. Y era este el son de, de...
da moliñeira:

A moliñeira na costa de Meira
coce de día y de noite peneira,
porque era uso d'aquela terra
de peneirar de noite sin vela.

¡Virgen!, cuando éramos chiquitinas así mandábannos cuas vacas pra un
prado aló cerca das Mestas, ho. Siempre taba ciego de niebra, ¡tíamos un miedo!
Empezábamos nosoutros:

Érguete, nebra,
puta da serra,
filla d'un can
e d'unha cadela...

Pro inda había más que nun m'acordo:

Érguete, niebla,
puta da serra,
fiya d'un can
e d'unha cadela,
aí vén a cuza rubia,
vella barcuda,
érguete, niebla,
pral monte de Valín.

Eu creo qu'era así.

O Pozo da Santa

Nusoutros tíamos un prado alí debaxo da misma casa, y... e naquel prado
había así unha fuente, fecéranye un pozo pra que regase el prado, ¿nun sabes?
Entonces naquel pozo aparecerá unha santa o nun sei qué, y aquela santa pois
fecéranlle unha capilla, qu'hai unha capilla preciosa alí en Santa Marfa, e levára-

na prá capilla; pro polas mañás todos los días taba a santa no pozo. E siempre lle quedó el Pozo da Santa. ¡Mira qué cosas! Eu alí nun a vin nunca, siempre a vin na capilla, pro antes dicían qu'era así. Y había esas creencias, outros cuando tían unha cousa grave pois... cuando tabamos nusoutras en Santa María había unha señora de Navayo, e nun sei qué probremas tuvera tamén y ofrecérase al san Juan Degollado, al de Martul, a vir todos os años visitar ese santo e rodiala... a iglesia, de rodillas, e nusoutras íbamos tamén porque había festa ye... íbamos á festa, e siempre nos chamaba:

—Hala, vide... cando salíamos da misa vídeme axudar.

E collíamola unha por cada brazo y ela rodiaba a iglesia, mentres a procisión rodiaba a iglesia de rodillas e listo. Y outros iban descalzos, outros ofrecíanse a ir descalzos ye pasaban por montes, qu'había d'estes toxos nas corradas, que tanto s'estraba nas corradas, ¿nun sabes?, ye pasaba e decían que nun se picaban. Así que, bueno, antes había esa creencia.

[Modesta]: ¡Ai!, cíntayes el cuento... nun digas quén foi pero cíntayes el cuento del cerdo.

Un caso de mal oyo

[Auxiliadora]: Nun digo quén... nunca di..., contéilo muitas veces ya nunca descubrín quén fora. Y eso nun se fai, el pecador nun se descubre nunca. Un día tía eu así un re... un cerdín mui guapo así pra matar desde que xa matáramos us outros, así pra matar en marzo ou así, qu'era igual qu'unha pelota de guapo, y chamábamosye el cebón, érache precioso. Y un día veu aquí unha señora e díxome:

—¿Qué tas facendo?

—Voulle dar... vouye dar al cebón el almorzo, ¿quieres subir velo?

—¡Ai, si!

E fumos darlle a comida, salíu el cerdín del sou lugar, poise a comer como unha pera ya marchamos. D'alí a un pouquín, nun sei a qué iba eu alí, e taba como muerto, e nun se tía, taba baldado dos pés datrás, e de los de lantre, e quería levantarse algo de delante pro a parte datrás taba hinotizada. Digo: “¡Virgen santísima!, ¿e qué sería esto tan deprisa?, porque haberá unha hora que taba así bien este cerdín, e de momento...”.

Y, hale, tuvemos que darlle cien indiciós, pro así e todo curáramolo, pro quedáranlle marcado as inyeccións nos xamóis quén sabe el tiempo.

[Modesta]: E despóis ¿por qué pensache aquelo?

[Auxiliadora]: E despóis din en pensar ¿púrque tía que pasarlle a aquel cerdín?, que veu aquela señora alí e mete medo cómo lle gustou aquel cerdín e d'álí a unha hora que taba aquel cerdín así. ¿Púrque fora aquelo? Peró nunca enjamás descubríñ el... non.





025.
AUXILIADORA LÓPEZ ORCAJO
Santa Mariña, TARAMUNDE

Foto: Jesús Suárez López